

# EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Un ano máis o EDLG do CPI Uxío Novoneira realiza unha serie de actividades a prol da nosa lingua e da nosa cultura. Entre as novidades deste ano, grazas aos profes Fátima e Lorenzo, os rapaces e rapazas de Primaria que o desexásemos, podíamos gozar de clases de pandereta no tempo de lecer do mediodía dos xoves.



Ademais este ano, por primeira vez en moito tempo temos Festival de Letras Galegas, este ano centrado na figura de Roberto Vidal Bolaño (ao que se adica esta data) e no 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro.



Aínda que non foi posible proxectalo o Día do Festival das Letras Galegas, todo o alumnado do centro participou xunto coa mestra de Lingua e Literatura Galega de Secundaria, na grabación dun vídeo sobre *Cantares Gallegos*, onde precedido dunha introducción explicativa cada neno ou nena



recita un dos poemas que forman parte desta obra de Rosalía.



O Día do Festival fíxose unha lectura dos poemas en directo na biblioteca como homenaxe ao 150 aniversario.

Como homenaxe a Roberto Vidal ao longo da semana das Letras o alumnado de Infantil e Primaria elaborou un mural sobre este



persoeiro da nosa cultura, reflectindo a súa biografía e parte da súa obra.

E este foi o resultado:

